



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE OUTUBRO DO 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Ricardo Cao, Manuel-Reyes García Hurtado, Rosa Meijide Failde, José Daniel Pena Agras e a representante do PAS Carmen Barreiro Daponte.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, que o vindeiro 3 de decembro terá lugar o Claustro Universitario. Así mesmo, informa que o vindeiro día 12 de novembro terá lugar en Madrid reunión da CRUE.

O reitor dá conta dos seguintes nomeamentos:

- Manuel Francisco González Penedo, coordinador do CITIC en substitución de Sebastián Luis Bamonde Rodríguez.
- Juan Alberto Sucasas Peón subdirector da Universidade Senior para o campus de Ferrol.
- Manuel Fernández Ferreiro, director do Servizo de Publicacións

Indica por último que Luís Pedreira Andrade foi reelixido como director do Departamento de Economía Aplicada II.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen comeza informando dos asuntos do vicerreitor de Investigación e Transferencia na súa ausencia. Así, en primeiro lugar, dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e as universidades galegas para o apoio á xestión e a promoción da investigación e a transferencia, por un importe de 812.000 € Tamén dá conta da resolución da convocatoria de axudas da GAIN para unidades mixtas de investigación. O vicerreitor informa, tamén, da aprobación no Consello da Xunta de Galicia dunha addenda ao convenio que financia os chamados centros de investigación singulares, da previsión de publicación da convocatorias de axudas da Consellería de Educación da Xunta de



Galicia (consolidación, predoutorais e agrupacións estratéxicas) e da resolución das axudas de investigación da UDC correspondentes ao último prazo de solicitudes.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa, en primeiro lugar, que con data 3 de outubro do 2014, o reitor remitiu formalmente un requirimento á Xunta de Galicia polo que se reclama o reintegro de 2.829.620,21 € correspondentes ao fondo de financiamento fixo que determina o PFSUG 2011-2015. O prazo deste requirimento remata o vindeiro 4 de novembro.

Tamén informa a vicerreitora dos principais aspectos do proxecto de Lei de orzamentos da Xunta de Galicia que se está a tramitar xa no Parlamento de Galicia. Comenta que a disposición adicional décimo sexta recolle apenas a devolución de 22 días da paga extra devindicada no ano 2012, fronte aos 44 que reconece o proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado, dándose a circunstancia de que se mantén o mesmo teito de gasto que no ano 2014. Por último, subliña que se consolida no texto da lei o procedemento extraordinario de autorización de prazas temporais de PDI, así como o recorte das extras de todo o persoal.

Solicitouse unha reunión coa Consellaría de Facenda para aclarar as repercusións do proxecto sobre a nosa universidade, e defender posibles cambios do texto do proxecto de lei.

Por último, informa que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do orzamento, se imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 11.439,03€ euros no expediente V-0022-14, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 21/10 validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2013 por importe total de 71.857,13 € nos expedientes C-0014-14 e C-0015-14.

A vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deporte informa sobre as diferentes actividades que se van desenvolver desde esta vicerreitoría durante o mes de novembro.

A Semana de portas abertas de Deporte terá lugar nos campus de Coruña e de Ferrol do 3 ao 7; o día 4 inaugúrase o novo proxecto de NORMAL, *Unha Ducia de Cans*, que celebra os dez anos de percorrido deste festival de cine; o día 6 terá lugar a VII Feira de Asociacións de Estudantes na Facultade de Economía e Empresa e pola tarde, o concerto dos Diplomáticos de Monte Alto no aparcadoiro detrás de Socioloxía, tamén en simbiose coa aniversario do movemento Bravú; os días 13 e 14 estarán presentes todas as entidades públicas locais, autonómicas e estatais interesadas na observación nas IV Xornadas de Observatorios



Universitarios de Emprego; os días 18 e 19 celebrarase a terceira edición do Foro Xuventude en Movemento, en colaboración con Europe Direct e a Deputación Provincial da Coruña que, coma en anos anteriores, ten por obxectivo ofrecer ferramentas e información para a mellora da empregabilidade do estudantado.

Finalmente, os días 27 e 28 terá lugar unha actividade de divulgación científica na que participan profesorado e alumnado da UDC baixo a coordinación de Ana González Tizón, da Unidade de Divulgación Científica e Cultural, en colaboración coa Fundación Barrié e no marco do seu programa *Educabarrié*.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa da publicación dos requisitos lingüísticos para as estadias que se realicen dentro do programa Erasmus + ou bilateral para o curso 2015/2016, coa intención de que os estudantes vaian preparándose neste punto.

En síntese, recorda que para optar ás bolsas Erasmus.es (convocatoria do MECD), é necesario acreditar un nivel B2 do idioma no que se van realizar os estudos.

Na convocatoria xeral de mobilidade da UDC do programa Erasmus + ou bilateral os requisitos son os seguintes: 1) Satisfacer o nivel esixido pola institución de destino; e 2) Cumprir coas esixencias mínimas da UDC, que son as seguintes para o curso 2015/16:

- a. Para optar ás universidades cuxos programas se imparten en inglés ou francés, acreditar un nivel B1.
- b. Para optar ás universidades cuxos programas se imparten en alemán, necesitarás, acreditación de nivel A2. c.

Nesta convocatoria non se esixe acreditación previa para optar ás universidades que imparten as materias en italiano e portugués. Non obstante, recoméndase a estes alumnos cursaren como mínimo un módulo do nivel que corresponda aos seus coñecementos da lingua, na UDC ou na universidade de destino.

Advírtese que no proceso aberto para a acreditación e capacitación lingüística, a mobilidade do curso 2015/2016 é a derradeira na que non se esixirá acreditar un nivel específico de italiano ou portugués para acceder a unha praza de mobilidade. No curso 2016/17 todos os estudantes que desexen ir a estudar a destinos en lingua italiana ou portuguesa deberán acreditar como mínimo un A2 nesas linguas.

Así mesmo, infórmase dos mecanismos de acreditación. Entre as diferentes institucións de acreditación (recollidas nunha táboa), lembra que o Centro de Linguas realiza o exame de nivel lingüístico ACLES correspondente ao



nivel B1 de inglés e B1 de francés (www.udc.gal/centrodelinguas/acles). Esta proba supón a expedición do certificado CERTACLES que ten validez en todas as universidades españolas e que conta co recoñecemento do CERCLES (European Confederation of Language Centres in Higher Education: <http://www.cercles.org/en/>), polo que recomendamos esta opción. Os exames do B1 serán os días 9 e 10 de decembro, e a matrícula estará aberta ata o 27 de novembro. No obstante, seguirase, como medida residual, a ofrecer a posibilidade de realizar probas específicas (inglés-francés-alemán), que non outorgan ningún certificado nin acreditación lingüística, e só teñen valor interno, para efectos de participar na convocatoria Erasmus da UDC.

Tamén informa do desenvolvemento do programa de atracción de estudantes de doutoramento coa Universidade de Machala (Ecuador), do que resultou que, finalmente, 20 profesores desa universidade se matricularon en diferentes programas de doutoramento da UDC. A vicerreitora agradece ao director da Escola Internacional de Doutoramento, o profesor Ramón Doallo, e aos coordinadores e directores de teses o seu traballo a prol da execución deste acordo, con excelentes resultados.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa da celebración do *Workshop* da Aula Repsol o pasado venres día 24 de outubro. Nesta xornada de traballo participaron preto de corenta grupos de investigación das tres universidades galegas. Pola mañá visitaron o campus uns 450 estudantes de secundaria que puideron coñecer de primeira man a investigación que se realiza nas universidades e, xa pola tarde, os investigadores presentaron os seus proxectos ao sector económico galego representado por unhas 30 importantes empresas. Entre outras, contouse con representantes de: Inditex, Alcoa, Facet, Navantia, Indra...

Así mesmo, representantes da Axencia Galega de Innovación e do CDTI informaron ás persoas participantes das liñas de axudas para a innovación que se convocarán nos seus respectivos departamentos.

A xornada foi clausurada polo reitor da UDC e o vicepresidente da Fundación Repsol.

Dentro das actividades programadas con motivo da celebración do 25.º aniversario da Universidade da Coruña, tivo lugar no campus de Ferrol unha Xornada sobre Responsabilidade Social e Diversidades na UDC coorganizada pola Oficina para a Igualdade de Xénero, a Unidade de Atención á Diversidade e a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña.

Do 3 o 21 de novembro no Centro Cultural Universitario de Esteiro, poderase ver a exposición “Muller e Ciencia. 13 nomes para cambiar o



munto”. Esta exposición foi realizada pola Cátedra Tomás Pascual do Centro Nacional de Investigación sobre a Evolución Humana

O secretario xeral informa do escrito remitido por cinco representantes dos estudantes do Consello de Goberno, no que se acorda propor, como representantes de estudantes no CEUNE (“Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado” e no Consello Social da UDC, respectivamente, a Ernesto Vázquez-Rey Farto (en substitución de Alba García Fariña) e a Emilio Lage Rodríguez (en substitución de Miguel Valeiro Mouriño). Solicítase o visto e praxe do Consello de Goberno para remitir esta proposta a definitiva, de modo que se axilice a cobertura destes postos. O Consello de Goberno toma conta dos nomeamentos.

Tamén informa da vindeira celebración da undécima edición das Xornadas de Lingua e Usos, que terá lugar entre o 26 e o 28 de novembro. Nesta ocasión, con motivo da celebración dos 25 anos da Universidade, as xornadas dedicaranse a facer un balance da política de normalización lingüística no ámbito universitario.

O xerente informa, en primeiro lugar, da Instrución da Xerencia de 9 de outubro de 2014 para regulamentar as operacións de cerramento do exercicio de 2014 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos da Universidade da Coruña.

Informa, tamén, que mañá 31 de outubro se lle presentará á Xunta de Persoal de PAS, para iniciarmos o proceso de negociación, o documento de revisión da RPT do persoal de administración e servizos.

Así mesmo, e tras o proceso de negociación desenvolvido na mesa de persoal de proxectos e convenios (Capítulo VI), tense rematada a proposta final para coñecer as posicións das organizacións sindicais presentes nela.

Esta proposta de acordo ten por obxecto establecer un marco estable de clasificación profesional das distintas categorías de persoal temporal contratado pola UDC con cargo a proxectos e convenios de I+D+i, financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da Universidade, garantindo ao tempo as correspondentes retribucións mínimas da cada categoría e ordenando o réxime de garantía das condicións de traballo e de representatividade laboral deste colectivo.

Por último, e considerando as diferentes comunicacións circuladas a listas por parte de distintas organizacións sindicais a respecto da devolución da paga extraordinaria devindicada de decembro de 2012, o xerente informa o seguinte.



Unha vez interposto, con data 12 de setembro, un recurso contencioso-administrativo contra o rexeitamento por parte da Xunta de Galicia da nosa solicitude de devolución do financiamento íntegro detraído en 2012 por este concepto, e tal e como se anunciara na reunión celebrada coas organizacións sindicais o 29 de xullo pasado, a Xerencia mantén o seu compromiso de proceder ao recoñecemento administrativo do dereito de todos os empregados da UDC á devolución da dita paga extra devindicada, sen que, por tanto, resulte necesario acudir, por parte dos colectivos lexitimados, á vía xudicial en extensión de efectos. As contías aboadas por este concepto a algúns empregados, foron en execución dos autos firmes ditados ata aquel momento.

Este recoñecemento en vía administrativa vai ser habilitado legalmente para todo o sector público cando entre en vigor a disposición adicional 10.^a do proxecto de LOXE para 2015 sobre “recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012” pola parte correspondente (ou equivalente) a 44 días.

No entanto, este precepto habilita a cada Administración pública para aprobar no seu ámbito autonómico estas medidas en función dos criterios da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria. Neste sentido, a disposición adicional 16.^a do proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para 2015 recentemente presentado no Parlamento galego, **estipula unicamente a devolución da parte correspondente a 22 días devindicados na dita paga extra**, a pesar dos reiterados pronunciamentos xudiciais ao respecto.

Non entendemos, nin podemos compartir, esta decisión política da Xunta de Galicia. Unha decisión que, sen motivo coñecido, discrimina os traballadores do sector público autonómico galego fronte aos do resto do Estado, e engádese ao mantemento do recorte das pagas extras para o exercicio 2015. En consecuencia, temos solicitada unha reunión urxente coa Consellaría de Facenda, e é a nosa intención presentar unha emenda a este punto do proxecto de lei de orzamentos.

Ademais do anterior, estamos tratando de asegurar o financiamento necesario para facer fronte á devolución referida. Mantemos o compromiso firme de proceder ao dito recoñecemento e de facer efectiva en decembro deste exercicio 2014 a terceira parte da contía total debida polos 44 días, como se anunciara na reunión citada do 29 de xullo, e aboar o resto en 2015, conforme ao ritmo que nos permitan as nosas dispoñibilidades orzamentarias.

En todo caso, a decisión final comunicárase coa maior brevidade cando rematen as negociacións coa Xunta de Galicia sobre o financiamento sinalado, e con antelación suficiente ao remate do prazo de solicitude da



extensión de efectos de sentenzas firmes por parte do persoal que estivera lexitimado.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de setembro

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de setembro.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en seis (6) convenios marco, dezaseis convenios específicos (16), e corenta e oito convenios para prácticas (48) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Informe sobre a convocatoria de eleccións a órganos colexiados 2014

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen explica que, estando a piques de expirar o mandato de catro anos dos representantes dos órganos colexiados escollidos en decembro do 2010, cumpre convocar eleccións de representantes en todos os sectores e órganos colexiados, de conformidade co artigo 13 do Regulamento electoral xeral.

Para tal efecto, sométese ao informe do Consello de Goberno a convocatoria reitoral do proceso electoral, cuxo calendario tamén se acompaña. Con data 29 de setembro, a Comisión Electoral Central emitiu o seu informe favorable a esta. Mañá mesmo sairá o censo electoral provisorio e o luns abrirase o prazo para presentar reclamacións. A votación terá lugar o 11 de decembro.

As principais novidades da presente da convocatoria son:

- Unha vez creada a Escola Internacional de Doutoramento e xa realizadas as eleccións a representantes de estudantes desta, a Escola pasa a asumir a representación dos estudantes de terceiro ciclo a nivel de centro. Como consecuencia disto, desaparece a representación de estudantes de terceiro ciclo nos departamentos, consonte á disposición transitoria cuarta do REX. Mantense, en cambio, a representación destes estudantes no Claustro Universitario.



- Fronte ao criterio utilizado en anteriores convocatorias, os estudantes de mestrado incorpóranse aos censos dos procesos electorais do sector C dos departamentos.
- A votación realízase para todos os sectores de xeito electrónico.

Na quenda de intervencións, Gonzalo Faya transmite a queixa de que non se manteña a condición de electo cando un estudante remata o grao e posteriormente se matricula nalgún mestrado. O secretario xeral indica que cando se constata o remate dos estudos nos que o estudante estaba matriculado, o estudante causa baixa na súa representación e corre a listaxe de suplentes, porque non se pode saber con seguridade se vai continuar os seus estudos na UDC, e non está regulado no Regulamento electoral xeral a “rehabilitación” da representación.

Moisés Canle interésase sobre o criterio para adscribir os estudantes de mestrado aos departamentos. O secretario xeral indica que o criterio é a matrícula nas distintas materias do mestrado cuxo encargo docente organiza o departamento, tal e como ocorre na docencia de grao.

Nuria Vieira critica a perda de representación do PAS nos consellos de departamento como consecuencia da entrada en vigor da modificación da RPT no ano 2013. O secretario xeral replica que se manteñen os criterios interpretativos acordados sobre este punto pola Comisión Electoral Central na súa reunión do 13 de maio do 2013, e que resulta difícil ir alén.

Manuel Graña pregunta sobre o anexo da resolución reitoral, que non aparece na documentación. O secretario xeral contesta que, efectivamente, se trata dun erro na remisión da documentación completa.

Xosé Portela tamén se posiciona en contra dos criterios aprobados pola Comisión Electoral Central sobre a representación do PAS. Considera que se está a reducir adrede a representatividade do PAS.

Tras o debate anterior, considérase informada a convocatoria e incorpórase como **anexo IV** á presente acta.

5. Novas propostas e modificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que expón as novas propostas de títulos de grao e mestrado, que supoñen unha reformulación das existentes. En concreto, realízanse



distintas adaptacións de cara ao cumprimento do Decreto 222/2011 da Xunta de Galicia.

Trátase dos graos de estudos en Arquitectura, o Grao en Tecnoloxías Mariñas, o Grao en Náutica e Transporte Marítimo, así como dos mestrados universitarios de Arquitectura, Xestión Administrativa, Socioloxía Aplicada (Investigación Social de Mercados), Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (interuniversitario), Xeoinformática, o Mestrado en Computación de Altas Prestacións, o Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas e o Mestrado en Discapacidade e Dependencia

As modificacións dos graos refírense aos de Información e Documentación, Humanidades e Dereito.

As modificacións dos mestrados atinxen aos de Arquitectura da Paisaxe, Urbanismo, Enxeñaría Informática, Estudos Avanzados sobre Linguaxe e Comunicación, e Asesoramento Xurídico Empresarial.

Só parece que vai haber un informe desfavorable sobre o Grao en Xestión Administrativa, porque o colexio profesional tamén formulou a proposta doutro grao con Santiago e por esa razón a Xunta quere que se faga interuniversitario.

Por último, o vicerreitor informa que a Xunta anunciou que non tramitará máis propostas de doutoramento até o ano 2016.

Sen se produciren intervencións, apróbanse as anteriores modificacións e novas propostas, que se incorporan á documentación como **anexo V**.



6. Aprobación, se proceder, de renovacións e novas propostas de títulos propios de posgrao

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para presentar tres propostas.

Unha é nova, a do Mestrado en Innovación e Sostibilidade en Intervención Social, con varios títulos derivados. Outra é a renovación do Mestrado de Intermodalidade. Por último, comenta a modificación do Curso de Especialización en Responsabilidade Social, que pasa a 25 créditos.

Ao non haber máis intervencións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo VI**.

7. Aprobación, se proceder, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento do curso académico 2012/13

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que expón a proposta da Comisión Permanente da EIDUDC de 21 de outubro, que se agrupa por grandes áreas.

Hai dúas reclamacións sobre esta proposta.

Os premios apróbanse por asentimento de conformidade coa proposta da Comisión Permanente, e incorpóranse como **anexo VII**

8. Proposta de autorización de *veniae docendi*

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita a autorización para outorgar a *venia docendi* para o profesorado dos centros adscritos de Enfermaría e Relacións Laborais, que contan co informe favorable dos departamentos correspondentes.

Apróbase a concesión das *veniae docendi* solicitadas por asentimento e incorpóranse á acta como **anexo VIII**

9. Proposta de autorización de licenzas

Continúa coa palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que propón dúas licenzas para os profesores Rafael García Perez e Pablo Rodríguez Vellando. Contan co informe favorable do departamento.

Sen máis intervencións, apróbanse por asentimento as licenzas e incorpórase ao **Anexo IX**.



10. Proposta de renovación de profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente propón a renovación de Francisco Blanco como profesor honorario. Sería a terceira prórroga até cumprir os 75 anos.

Tamén solicita a súa terceira prórroga o profesor José Fernández Salas, até o cumprimento dos 75 anos.

Esta proposta apróbbase por asentimento e incorpórase como **Anexo X**

11. Proposta de remisión de complementos autonómicos ao Consello Social

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para remitir os complementos autonómicos informados favorablemente pola ACSUG ao Consello Social.

Nuria Vieira pregunta como se liquidan estes complementos. A vicerreitora de Planificación Económica aclara a dinámica financeira destes ingresos na nómina do profesorado.

Luís Castedo pregunta sobre a non convocatoria dos complementos de excelencia curricular durante o 2013, e o reintegro que se deriva para os profesores.

Tras as anteriores intervencións, apróbbase a proposta de remisión dos complementos ao Consello Social.

12. Resolución do recurso de alzada presentado por Francisco Caridad Yáñez contra o acordo da Xunta da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

De conformidade coa proposta da Asesoría Xurídica, o secretario xeral solicita que se acorde desestimar o recurso presentado polo profesor Francisco Caridad Yáñez contra acordos da Xunta da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica en materia de horarios.

Acéptase por asentimento a proposta, e incorpórase a resolución do Recurso como **anexo XI**



13. Proposta de aprobación do regulamento de réxime interno da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña (centro adscrito)

De conformidade co informe da Asesoría Xurídica, e unha vez axeitado o texto do regulamento ás súas determinacións, o secretario xeral solicita a aprobación do regulamento de réxime interno deste centro adscrito, de conformidade co artigo 19 *e)* dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña.

Apróbase por asentimento o devandito Regulamento, que se incorpora como **anexo XII** da presente acta.

14. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Nona Inés Vilariño solicita que conste en acta o seu pesar polo pasamento de Alejandro Fernández Barreiro, profesor que destacou polo seu compromiso vital coa Universidade da Coruña.

Luís Castedo comenta a premura do cerramento de exercicio para fondos propios libres o día 20 de outubro, e solicita que se dea máis marxe para pechar o exercicio. Tamén comenta o tema do réxime de devolución do IVE, que produce ao seu xuízo un trastorno na xestión económica dos grupos de investigación.

Nuria Vieira aborda o tema da devolución da paga extra do 2012. Anuncia que teñen preparado a solicitude de extensión de efectos dun número elevado de persoas do colectivo do PAS. Considera que non hai compromiso de devolver a paga extra por parte da UDC.

Xosé Portela súmase ao comentado na anterior intervención. Ademais, denuncia que o día 15 de outubro entraron a traballar na UDC catro traballadoras no Servizo de Estudantes, que considera sometidas a escravismo. Solicita que non se produzan estas contratacións. Comenta tamén o problema da falta de pagamento dos salarios aos seus traballadores por parte de LINORSA. Considera que CLECE está a realizar dun ERE encuberto (despediuse, segundo el, unha traballadora de limpeza da Reitoría).

Ignasi Colominas comenta a tardía resolución de concesión das axudas de consolidación de grupos da Xunta de Galicia, cuxa xustificación do gasto da anualidade 2014 debe realizarse antes do 11 de novembro. Isto fai moi difícil que se poida xustificar o gasto correctamente, polo que solicita que se lle remita a situación á Xunta, de xeito que non volva suceder.



O xerente comenta que o adianto de peche do exercicio se produciu por dúas circunstancias: a Xunta solicita previsións de peche con máis antelación; e trátase de axustar os ingresos coa capacidade de gasto. Tamén replica sobre a discusión do IVE, e a devolución da paga extra.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:30 horas, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito